

4 Completa as palabras da nota con *b* ou *v* e explica a regra de uso que seguen.

Ana:
No reci**b**idor **v**erás un paquete.
Non o a**b**ras, papá tenche
reser**v**ada unha sorpresa moi
agrada**b**le. Pero tes que agardar
a que **v**eña!!
Xoán


Recibidor: escríbense con *b* os infinitivos dos verbos
rematados en *-bir* e os seus derivados. *Verás e reservada*:
escríbense con *v* os verbos rematados en *-servar* e *-ver*.
Abras e agradable: escríbese *b* diante de *r* e *l*. *Veña*:
escríbense con *v* as formas do verbo *vir*.

5 Enche os ocos das seguintes oracións cun conector e indica de que tipo é. *Resposta modelo.*

- Á mañá non puiden ir, *pero* esta tarde pasarei por alí. ▶ *de oposición*
- *Primeiro* chamaremos o teu pai e, cando veña, ires para a casa. ▶ *de orde*
- Axudei a aquel home *porque* vin que as bolsas lle pesaban demasiado. ▶ *de causa*
- Son de Sanxenxo, *é dicir* , da comarca do Salnés. ▶ *de aclaración*

6 Rodea os verbos defectivos do seguinte texto.

Na serra do Xistral normalmente chove moito, así que hai que levar paraugas e algunha peza de roupa que abrigue máis por se neva. Se anoitece pode orballar, polo que convén conducir pola estrada con coidado.



7 Escribe os apartados que faltan desta páxina web. *Resposta modelo.*

http://www.debuxadexando.ed.xerme

DEBUXA DEBUXANDO A web para aprender a debuxar

[Presentación](#) [Blogs](#) [Exposición](#) [Contacta con nós](#)

[As técnicas](#)

[Os materiais](#)

[As cores](#)

Resúltache difícil debuxar? Non sabes como
combinar as cores? Fáltache imaxinación?

Nesta páxina web atoparás todo o necesario para
debuxar de maneira fácil todo o que te propoñas!.